

# ESTUDIOS DE LITERATURA MEDIEVAL

25 AÑOS DE LA  
ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE  
LITERATURA MEDIEVAL

EDITORAS  
ANTONIA MARTÍNEZ PÉREZ  
ANA LUISA BAQUERO ESCUDERO

MURCIA  
2012



---

Estudios de literatura medieval : 25 años de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval / editoras Antonia Martínez Pérez, Ana Luisa Baquero Escudero.-- Murcia : Universidad de Murcia. Servicio de Publicaciones, 2012.

968 p.-- (Editum)  
ISBN: 978-84-15463-31-3

Literatura medieval-Historia y crítica.  
Martínez Pérez, Antonia  
Baquero Escudero, Ana Luisa  
Universidad de Murcia. Servicio de Publicaciones.

82.09"05/14"

---

1<sup>a</sup> Edición 2012

Reservados todos los derechos. De acuerdo con la legislación vigente, y bajo las sanciones en ella previstas, queda totalmente prohibida la reproducción y/o transmisión parcial o total de este libro, por procedimientos mecánicos o electrónicos, incluyendo fotocopia, grabación magnética, óptica o cualesquiera otros procedimientos que la técnica permita o pueda permitir en el futuro, sin la expresa autorización por escrito de los propietarios del copyright.

© Universidad de Murcia, Servicio de Publicaciones, 2.012



ISBN 978-84-15463-31-3

Depósito Legal MU-921-2012  
*Impreso en España - Printed in Spain*

Imprime: Servicio de Publicaciones. Universidad de Murcia  
C/ Actor Isidoro Máiquez 9. 30007 MURCIA

## A FRONTE A BV: RES METRICA E VARIA LECTIO(II)<sup>326</sup>

MARIÑA ARBOR ALDEA  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### RESUMEN:

Partindo da *collatio* do texto común aos tres grandes códices que copiaron a lírica profana galego-portuguesa, neste traballo, que continúa unha contribución anterior, analízanse os problemas de medida versal que se documentan nun número moi significativo de cantigas. Dos datos emanados deste estudio tíranse pautas válidas para a emenda deses segmentos métricamente irregulares, que son susceptibles de corrección en tanto en canto a isometría se mostra como principio caracterizante da *cantiga de amor*.

**Palabras-clave:** lírica profana gallego-portuguesa, métrica, crítica textual.

### ABSTRACT:

From the starting point of a collation of the texts present in all the three great manuscripts containing Galician-Portuguese profane poetry, the author analyses (in continuation of a previous work) the problems regarding verse measure that occur in a significant number of *cantigas*. From her findings, she extrapolates some guidelines for the emendation of metrical irregular segments, as the isometric form can be shown to be a principal characteristic of the *cantiga de amor*.

**Key-words:** profane medieval Galician-Portuguese poetry, metre, textual criticism.

**I.** Á disparidade de criterios que se observan nas edicións de lírica profana galego-portuguesa en sede de *emendatio*, e, de modo particular, ás diversas solucións que o estudososo ofrece –incluso un mesmo editor á hora de fixar o texto dun único trobador–para os versos que presentan problemas métricos, referímonos en diversos traballos previos. En concreto, nun texto preparado para o III Congreso da Semyr, *A fronte a BV: res metrifica e varia lectio*<sup>327</sup>, iniciamos a análise sistemática da lección manuscrita enviada polos tres grandes relatores desta poesía, A, B e V, buscando argumentos que permitisen xustificarcun mínimo de rigor científico a emenda (ou conservación) da lección manuscrita en caso de deficiencia métrica, e, nun segundo nivel de consideracións, datos que avalasen a hipótese de que é a isometría, as “sílabas contadas”, o principio que caracteriza a lírica producida no occidente ibérico<sup>328</sup>.

<sup>326</sup> Os datos expostos neste traballo son froito parcial dos estudos que ocupan á autora no marco dos proxectos de investigación *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos (II)*, que recibe o apoio económico do Ministerio de Ciencia y Tecnología e do FEDER (FFI-2011-25899), e *O rei don Denis e os trovadores da súa época*, subvencionado pola Xunta de Galicia (09SEC023204PR).

<sup>327</sup> M. Arbor Aldea, «A fronte a BV: res metrifica e varia lectio(I)», en *Líneas y pautas en el estudio de la literatura medieval y renacentista. III Congreso Internacional de la Semyr*, Oviedo [no prelo].

<sup>328</sup> Como apuntamos no estudo antes citado, falta, para a lírica profana galego-portuguesa, o cotexo e análise completos e exhaustivos da lección enviada polos códices, que, ademais de achegar datos de valor fundamental para o labor ecdótico, poderían proporcionar información substancial sobre o debatido *stemma codicum* proposto pola crítica para esta tradición poética. Por outra parte, esta análise tamén permitiría profundizar na concepción que os estudiosos teñen da métrica trobadoresca. En relación co primeiro asunto, véxase E. Gonçalves, s.v. «Tradição manuscrita da poesía lírica», en G. Tavani e G. Lanciani (coords.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993, pp. 627-632, que, ademais de abordar a cuestión estemmática, ofrece unha succincta descripción dos manuscritos acompañada das oportunas referencias bibliográficas; no que afecta ao argumento métrico, remitimos aos estudos citados en M. Arbor Aldea, «A fronte a BV».

Na contribución apenas referida, procedemos á *collatio* completa do texto que, para as súas 165 primeiras cantigas, envía o *Cancioneiro da Ajuda* e da lección que, para esos poemas, ofrece o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*<sup>329</sup>, analizando todos os versos que presentaban anomalías no cálculo métrico. Este estudo permitiu observar que as numerosas variantes extraídas dos manuscritos que incidían sobre a medida versal admitían una explicación satisfactoria considerando a tipología das faltas que, de modo involuntario, se cometían durante o proceso de copia, isto é, o fenómeno da trivialización que afecta aos textos nas sucesivas fases da sua transmisión, e a existencia de formas lingüísticas alternantes. Para validar, matizar ou refutar as achegas que naquel traballo se ofrecían en relación coa métrica das cantigas, estudaremos, nas liñas que seguen, as restantes pezas de A (A 166-309) e a lección que, para esos poemas, envían os apógrafos italianos BV.

**II.** Como sucedía cos textos A 1-165 e cos seus equivalentes de B, a análise da lección manuscrita enviada polos códices para as pezas agora consideradas documenta un número moi importante de versos hipómetros e, en menor medida, hipérmetros, versos que non observan, por tanto, o principio das “sílabas contadas” que parece característico da lírica profana galego-portuguesa. Como se verá, as deficiencias de que adoecen estos segmentos poden ser atribuídas ás denominadas pola crítica “innovaciones involuntarias” de copista, é dicir, ás faltas que todo amanuense comete durante o proceso de transcripción dun texto.

## 2.1. ERROS DEBIDOS A PROBABLES OMISIÓNS DE COPISTA.

Prescindindo, como tamén se fixo no estudo precedente, daqueles casos que ilustran condicións particulares de preparación ou de conservación do manuscrito –ou do seu exemplar<sup>330</sup>, nas pezas analizadas rexístrase un elevado número de versos hipérmetros –en liñas xerais, obsérvase a ausencia dunha única sílaba, aínda que non faltan casos en que se omiten dúas ou máis–, que encontran a súa

<sup>329</sup> O primeiro poema copiado en V corresponde con A 222, B 392; as pezas transmitidas por este manuscrito, que, en consecuencia, quedaron fóra do estudo de 2010, serán analizadas nestaspáginas. Para A, servímonos da transcripción das cantigas que realizamos consultando o orixinal, que se encontra depositado na Biblioteca da Ajuda, en Lisboa. Para B e V, manexamos as súas reproducións facsimilares: *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cod. 10991*, Lisboa, Biblioteca Nacional, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Portugués da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura, 1973. No tocante ás correspondencias e diverxencias que, na transmisión dos textos, se verifican entre A, B e V, véxase M. Arbor Aldea, P. Canettieri e C. Pulsoni, «Le forme metriche del *Cancioneiro da Ajuda*», en M. Brea (coord.), *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, 2004, pp. 145-175, e bibliografía citada.

<sup>330</sup> Así sucede en A239, B 428, V 40, v. 7. U vus non vejo [...] (5); \*\*[V] uus non ueio A (5), con cancelación do texto por raspadura: Hu u9 no ueio no ueio p[ ]zer BV (10); A297, B 992, V 580, v. 3. por a dona que quero gran ben; por ua dona que quero gran / ben A (10); \*\* (espazo en branco) que quero g[ ]m ben B (5): \*\*\*que quero gram ben V (5). Coma no traballo preparado en 2010, nestas páxinas ofrécese unha selección de exemplos que quiere ser representativa das categorías que se analizan. Para cada caso, refírese a lección dos manuscritos en transcripción paleográfica, acompañada da lectura que, para o verso considerado, ofrecemos na edición do *Cancioneiro da Ajuda* que preparamos, lectura que só quere facilitar o acceso ao texto e ao cálculo silábico. Con esta mesma finalidade, marcamos con dobre asterisco os versos metricamente irregulares e indicamos, entre paréntesis, a medida versal. Os signos diacríticos que se empregan nos fragmentos seleccionados son estes:

( ) formas anuladas durante o proceso de copia ou durante a fase de revisión do texto transcrita

{ } formas escritas sobre raspadura ou nas marxes do folio durante o proceso de control da copia

../ forms escritas na entrelíña.

[ ] ausencia de letra de espera. Cando esta se observa no manuscrito, márcase o grafema (maiúsculo) en cursiva.

As emendas por adición do editor sinálanse entre paréntesis cadradas; resérvanse as redondas para marcar, nas propostas de lectura crítica, as formas que son susceptibles de considerarse espúreas.


causa na probable omisión por parte do copista de determinados elementos que debían estar presentes no modelo que se reproducía. Como complemento dos datos apuntados en 2010, neste punto deben referirse, ademais das múltiples ausencias de grafemas ou de sílabas en casos de convivencia en contigüidade de dous elementos idénticos, as omisiones que afectan ao pronomo persoal tónico de primeira persoa *eu* –moi numerosas–, ás formas átonas *o*, *me*, *lle* –e variantes– e ás conxuncións *e* –sobre todo en inicio de verso–, *se*, *quee nen*, todos eles elementos de escasa entidade gráfica, que se perden con frecuencia no proceso de copia. Así mesmo, merece destacarse a caída de elementos de maior corpo formal e peso semántico, como verbos, adverbios, adjectivos ou substantivos, entre outros:

- A 172, B 324, v. 3.** *pois que vus vós non doedes de min* (10)  
pois que **uus uos** / non doedes demin A (10)  
\*\*Poys queu9non doedes demj B (9)<sup>331</sup>
- A 220, B 389, v. 9.** e acordado foss' en me partir (10)  
**ea cordadofossem** me partir A (10)  
\*\***eacordo fosseme** p̄tir B (9)
- A 257, B 435, V 47, v. 6.** *se assi for; que morre[rei] por én* (10)  
\*\*se / assi for que **morrei** pore A (9)  
se assy for que **moirerey** pore B (10)  
se assy for que **mouerey** pore V (10)
- A 226, B 402, V 12, v. 7.** Ali, u eu dela quitei os meus (ollos) (10)  
Ali u **eu** dela quitei os me9 A (10)  
\*\*Aly hu dela q̄tey os me9 BV (9)
- A 166, B 318, v. 10.** ou se o é po-la eu muit' amar (10)  
ou **seo** e pola eumuit amar A (10)  
\*\*Ou see pola muyteu amar B (9)
- A 176, B 328, v. 3.** e non [me] valla ela, nen amor (10)  
\*\*e non ualla ela nen / amor A (9)  
E nonm**j** ualha ela nen amor B(10)
- A 202, B 354, v. 7.** Por quanto ll' eu roguei e lle pedi (10)  
Por quanto lleu roguei e **lle** pedi A (10)  
\*\*Por quantolheu roguey e pedi B (9)
- A 241, B 430, V 42, v. 6.** *e ir morar allur sen vosso ben*(10)  
e yr morar allur / sen uosso ben A (10)  
e hir morar alhur sen uosso ben B (10)  
\*\*hir morar alhur se uosso ben V (9)
- A 166, B 318, v. 4.** se por ūa destas duas non é (10)  
se por hu**C**a / destas duas non e A (10)  
\*\*Porhu**C**a destas duas non e B (9)
- A 216, B 384, v. 9.** mais, de pran, esto non posso sofrer (10)  
mais de pran esto no**C** posso **sofrerA** (10)  
\*\*maix depra**C** esto non posso B (8)
- A 221, B 392, V 2, v. 20.** mais, se menti, ja Deus non me perdon (10)  
mais se menti **ia** deus / non me per don A (10)  
\*\*mays sementi ds**C** nomj pdon B (9)  
\*\*maus sementi ds nomi perdon V (9)
- A 288, B 980, V 567, v. 8.** Mais [sol] non poss' eu enganar (8)

<sup>331</sup> Neste caso, a categorización da falta como erro por omisión de copista en *B* ou no seu modelo vese avalado pola presenza deste verso de refrán nas demais estrofas da cantiga: Poys que u9uos non doedes demj<sup>28</sup> (v. 9), Poys queu9uosnon doedes demj<sup>28</sup> (v. 15).

- \*\*Mays non poss eu enganarA (7)  
 Mays **sol** non posso eu enganarB (8)  
 \*\*Mays \***sol** no posso en enganarV (8)
- A254, B 842, V 428, v. 15.** me faz amar muito Deus, e amor (10)  
 me faz amar **muito** ds ea mor A (10)  
 \*\*me faz amar d<sup>r</sup>t amor B (8)  
 \*\*me faz amar d<sup>r</sup>t amor V (8)
- A223, B 395, V 5, v. 8.** de vós, que eu quero gran ben (8)  
 de uos que eu quero **gran** ben A (8)  
 \*\*deuos q eu qro beBV (7)
- A231, B 422, V 34, v. 7.** E, pero x' ela con bon prez estava (10')  
 Epero xela con **bon** prez estaua A (10')  
 \*\*Epo xela co prez estaua BV (9')
- A295, B 996, V 585, v. 5.** morrerei eu, meus amigos, por én (10)  
 Morrerey eu **meus** amigos / por en A (10)  
 \*\*Moirerey eu amig9 poren B (9)  
 \*\*morrerey eu amigus poren V (9)
- A284, B 976, V 563, v. 13.** E por aquest', Amor, gran ben seria (10')  
 E por aquest **amor** gran ben seria A (10')  
 \*\*E p<sup>r</sup> aquesto gran ben seria B (9')  
 \*\*E p<sup>r</sup> aquesto gra ben seria V (9')


Nun número importante de ocorrencias, Aacompanha os versos en que se verifica o erro con notas de corrección que se escribiron na marxe do folio, acompañadas por un sinal de chamada, durante o proceso de control ao que se someteu a copia<sup>332</sup>. O resultado da emenda é, como pode comprobarse nos exemplos que se refiren, un cómputo métrico regular:



**A 166, B 318, v. 14.** de chamar ome ama tal moller (10)

de chamar om'ama tal moller {e}A (10)

De chamar **home** ama tal molher B (10)



**A262, B 440, V 52, v. 25.** Gracir-vo-lo, pois que eu morto for (10)

{eu}Graçir uolo poys que morto for A (10)

Graçiruolo poys **qeu** morto for BV (10)

<sup>332</sup> Para as notas de A, características da súa escritura e valor desde o punto de vista da edición do texto, véxase canto indicamos en «A fronte a BV». Nesa contribución poden recuperarse os títulos dos estudos que se ocuparon da análise, desde perspectivas diversas, destas apostilas.

*a mellor nen mellor parecesse  
deste mundo ei peor llý faria.*

A 167, B 319, v. 20. a mellor, nen que mellor parecesse (10')

a mellor nemmellor parecesse {q}A (10')

A melhor. ne **que** melhor parecesse B (10')

*mais por amo tan boa sénior*

A 194, B 346, v. 9.mais, porque amo tan boa sennor (10)

{q}mais por amo tan boa senor A (10)

*an queno falasse eque se wesse. del*

*mais non sei deus se poderia.*

A 167, B 319, v. 7. del, mais non sei de Deus se poderia (10')

{de} del / mais non sei deus se poderia A (10')

Del mays non sey **de** de9 se poderia B (10')

*que me çed e pois non querer*

A262, B 440, V 52, v. 24. que me mate ced', e, pois non querer (10)

{mate} que me çed e pois non querer A (10)

q me **mate** çede poys uo quer B (10)

q me **mate** cede poys no quer V(10)


*ois estas contas eu ei a soffrir  
que u9 dixe mais ei morte me.*

A 172, B 324, v. 8. que vos ja dixe, más ca morte m' é (10)

que u9dixe mais ca morte me {ia}A (10)

Que u9 **ia** dixi mays ca morte me B (10)

<sup>333</sup> Este verso mostra, así mesmo, unha práctica habitual na copia das cantigas: o acrecentamento espúreo da forma pronominal tónica de primeira persoa, eu, que torna o segmento hipérmetro (véxase, máis abaixo, o punto 2.2).



*A 171, B 323, v. 16.* e direi-vos, sennor, des qual sazon (10)

e direi uos desqual sazon {sen**C**or}A (10)

E direi uos desqual sazon B (10)




*A 263, B 441, V 53, v. 1.* Meus amigos, muito me praz d' Amor (10)

{damor} MMeus amigos muito me praz A (10)

Me9 amig9 mnytomj praz damorB (10)

Me9 amig9 muytomj praz damorV (10)<sup>334</sup>

Tamén nesta parte do corpus, e como sucedía nas cantigas analizadas en 2010, se recollen exemplos en que, fronte á emenda de A, os apógrafos colocan unha variante que suscita o interrogante verbo das relacións que se verifican entre os códices, e, en particular, sobre os materiais que se empregaron para a copia e a revisión do manuscrito da Ajuda e sobre o(s) posible(s) modelo(s) de BV:




*A 169, B 321, v. 8.* E empero quand' eu en meu cuidado (10')

{E} Enpo quand eu en meu cuidado A (10')

En pero quando eu e**C** nomeu cuidado B (10')

<sup>334</sup> Nalgún caso, podería recuperarse a regularidade métrica considerando a existencia dunha dialefa como sucede en *A 169, B 321, v. 18.* sob' eno mund', e ben maravillado (10'); sob' eno mund e **beC** marauillado A (10') : Soube no mudo e mauiulado B (10') ou en *A262, B 440, V 52, v. 20.* ben que eu d' outra dona of dizer (10); ben. que **eu** doura dona oy dizer A (10) : be q out dona oy dizB (10) : be q out dona oy diz V(9, á marxe de que se omitta a abreviatura no elemento que pecha o verso). Un exemplo máis complexo rexístrase en *A289, B 981, V 568, v. 8.* non viva eu, se m' El i non [dá] consello (10'); \*\*non uiua eu se mel / y non consello A (9) : Non uyua eu semel non **da** consello B (10') : non uyua eu semel **noda** consello V(10'), con omisión, nos apógrafos italianos, da forma do adverbio pronominal presente en A, un exemplo que aparece modificado no verso seguinte, primeiro da segunda estrofa da cantiga. Repárese na lección de A, *Non uiua leu/ se mel y non lda/ consello,* e no texto que ofrecen BV: Non uyua eu semel hi no da cosello. Estes casos, que poden asimilarse a algún dos comentados nas liñas precedentes, e que cuestionarían, por tanto, a existencia do hiato nestes versos, poñen de manifesto o escaso coñecemento que posuímos sobre o erro de copia, sobre as prácticas que se observan nos manuscritos e sobre os propios fenómenos de dialefa e sinalefa na lírica galego-portuguesa. Probablemente haxa que cuestionar, á vista destes datos, algunas das decisións adoptadas na común práctica ecclótica e reavaliar, así mesmo, as hipóteses que se manexan en relación coa poética e cos principios métricos seguidos polos trovadores.



A257, B 435, V 47, v. 15. e vos dix' o grand' amor que vos ei (10)  
e uos dix o grand amor que ei {uos}A (10)  
eu 9 dixo **mui** gndamor que ei B (10)  
eu9 dixo **mui** gndamor q ei V (10)


## 2.2. DEFICIENCIAS NO VERSO PROVOCADAS POR PROBABLE ADICIÓN DE ELEMENTOS.

O texto enviado por A paraas pezas 166-309 e o que, en correspondencia, copian BVrexistra, así mesmo, un importante número de versos hipérmetros, ainda que estes mostran un índice de frecuencia inferior ao que rexistran os afectados polo fenómeno analizado no punto precedente. Aos datos achegados no estudo de 2010, poden engadirse os que se ofrecen nas liñas que seguen, que ilustran o acrecentamento de vocábulos que non se encontran no contexto inmediato—talvez por lapsos ou interferencias de memoria—, a repetición de formas presentes no propio verso ou en segmentos próximos —con exemplos debidos a saltos de igual a igual—, a reduplicación de estruturas sintácticas e o engadido de elementos que regularizan construcións que, no exemplar, se debían afastar da norma lingüística común. As faltas que responden a este último fenómeno son frecuentes en BV, e evidencian a marcada tendencia que o modelo destes códices debía presentar cara álectio facilior:

- A260, B 438, V 50, v. 14. og' outra ren con que visse prazer (10)  
og outra ren con que uisse prazer A (10)  
\*\*oieu out re co **queu** uisse pzer B (12)  
\*\*oieu out re co **queu** uisse pzer V (12)
- A225, B 401, V 11, v. 3. e gran dereit[o] faç', e (mui) gran razon (10)  
\*\*e gran dereit faç e **mui** gra / razon A (11)  
e gram dereyto face gram razon B (10)  
egram dereyto face gram razon V (10)
- A 175, B 327, v. 4. nen me dé Deus ben dela, nen de si (10)  
nen me de deus ben dela / nen desi A (10)  
\*\*Nen mi de de9 ben **de dela** nen dessy B (11)
- A204, B 356, v. 12. nen rog' a Deus eu ja por outra ren (10)  
nen rog a ds eu ia por otra ren A (10)  
\*\*Nen roga ds **por** eu ia **p**'out ren B (11)
- A247, B816, V 400, v. 5. ca sofr' eu mal por vós, qual mal, sennor (10)  
ca soffreu mal por uos qual mal / sennor A (10)  
ca sofreu mal por uos qual mal sehor B (10)  
\*\*ca sofreu mal por **uos** qual **uos** mal senhor V (11)
- A258, B 436, V 48, v. 3. creede que non á en min (8)  
creede que non a en min A (8)  
\*\*creede **que que** non a enmj B (9)  
creede que no a eu mi V (8)
- A229, B 420, V 31-32, v. 10. morrer, e vós faredes i (8)  
morrer euus faredes yA (8)  
\*\*moirer euos faredes **assy**B (9)  
\*\* morrer euos faredes **assy** V (9)
- A 194, B 346, v. 13. Porque desejo de vee-los seus (10)  
Por que desejo de ueelos seus A (10)  
\*\*E p que desejo de ueel9 se9 B (11)
- A 198, B 350, v. 12. nen se queixou que a chamei sen[n]or (10)  
nen se queixou quea chamei senorA (10)  
\*\*Nesse queixou **p**'que a chamey senhor B (11)

**A 198, B 350, v. 13.** e, pois me viu mui coitado d' amor (10)  
 e pois me uiu mui coitado damor A (10)  
 \*\*E poys **que** me uyo muj coitado damor B (11)

Para algúns casos de ditografía ou duplograffía, tamén A ofrece a lección primitiva emendada, cancelándose mediante punto, raspadura ou trazo de pluma os elementos espúreos –as notas colocadas na marxe do folio parecen reservarse para correccións que poden cualificarse como “maiores”–:



**A 171, B 323, v. 10.** ca estou de vós como vosdirei (10)  
 ca estou de uos como u9 (~~e~~~~u~~~~u~~) direy A (10)  
 \*\*Ca estou deuos comou9 **eu** direy B (11)

**A 173, B 325, v. 8.** catou-me un **pouqu'** e teve-mi en desden (10)  
 catou **meun** pou(~~c~~~~o~~~~t~~) **teuemi(o)** **en** desden {**que**} (10) A  
 \*\*Catou **muC** **pouco** e **teuemho** **en** desdemB (11)<sup>335</sup>

Repárese, por fin, nesta pasaxe do código lisboeta, que documenta un dobre proceso de corrección do texto e que, en confronto coa solución de B, ilustra a complexidade da actuación dos revisores de A, obligándonos, así mesmo, a abordar con cautela a cuestión dos materiais que confluíron no código da Ajuda e na rama da tradición manuscrita representada polos apógrafos italianos:



**A200, B 352, v. 19.** Pero sei eu dela, de pran (8)  
 \P\ \(E)\ (\p)erosei eu dela depran A (8)  
**E** perosei dela depram B (8)

**3. FORMAS LINGÜÍSTICAS ALTERNANTES.** Á marxe deste tipo de faltas, a comparación entre os manuscritos revela outro tipo de variantes que presentan maior dificultade de clasificación e análise, en canto poderían adscribirse a algunha das categorías anteriores ou asociarse a fenómenos de variación lingüística, que neste caso adquieren repercusión textual.

Aos datos que se proporcionaban no estudo de 2010, poden engadirse, como confirmación ou complemento daqueles, e prescindindo das alternancias puramente gráficas do tipo *seer/ser, veer/ver*<sup>336</sup>, a variación que se documenta entre formas con ou sen prótese (ou prefixo), como *atalltal, atantortanto*, con ou sen aférese, como *no/eno*, ou con ou sen aglutinación, como *agoral/ora*. No ámbito da morfoloxía do verbo, conviven formas do tipo *sōo/son* para o presente de *seer*, resultados como *guarrei/guarirei* –con substitución dos resultados irregulares polos regularizados a partir do infinitivo– para o futuro ou soluciones do tipo *fezofez, quisoloquis* –con ou sen terminación analóxica– para o pretérito. Ademais, e no que atinxe á sintaxe da preposición, alterna a presenza do enlace preposicional coa ausencia deste en determinadas perifrases, como *dever (a) + infinitivo*. Así mesmo, e xa no ámbito léxico, documéntanse exemplos de variación en formas como *desventura/desaventura* ou *desquisado/desaguisado*:


**A265, B 450, v. 9.** senon atanto que sofr' e sofri (10)  
 se non **atanto** que sofr e soffri A (10)  
 \*\*senon **tanto** q sofre sofri B (9)

<sup>335</sup> Así, A300, B 993, V 581, v. 15. meu ben seria, mais non llo direi; meu ben **seria** mays non llo direy A : Meu ben **seeria** mays non lho direy B : meu ben **seeria** mays noC lho direy V; A 171, B 323, v. 7. Prazer, nen ben, nen o ar **verei**; Prazer nen ben neno ar **ueereiA** : Prazer nen ben neno ar **ueereiB**, entre outros exemplos.


<sup>336</sup> Así, A300, B 993, V 581, v. 15. meu ben seria, mais non llo direi; meu ben **seria** mays non llo direy A : Meu ben **seeria** mays non lho direy B : meu ben **seeria** mays noC lho direy V; A 171, B 323, v. 7. Prazer, nen ben, nen o ar **verei**; Prazer nen ben neno ar **ueereiA** : Prazer nen ben neno ar **ueereiB**, entre outros exemplos.

- A 170, B 322, v. 21.** eno mundo, nen de nostro Sennor(10)  
 eno mudo nen de nostro sennor A (10)  
 \*\*No mudo nen de nro senhor B (9)
- A286, B 978, V 565, v. 15.** ca, se lles Deus ora non val (8)  
 ca se lles deus **ora** non ual A (8)  
 \*\*Ca sselhis ds **agora** non ual B (9)  
 \*\*ca sselhis **dsagora** no ual V (9)
- A205, B 357, v. 18.** e por én sôô mais pouco preçado (10')  
 eporen **soo** mais pouco preçado A (10')  
 \*\*E p'en **son** mays pouco pçado B (9')
- A264, B 449, v. 23.** terria que eu sôô de bon sén (10)  
 terria que eu **soço** de bon sen A (10)  
 \*\*teiria q eu sonde bo**c** sen B (9)
- A 178, B 330, v. 2.**que vus fezo parecer e falar (10)  
 que uus **fezo** parecer / e falar A (10)  
 \*\*Queu9fez parecere falarB (9)
- A260, B 438, V 50, v. 9.** pois s' El nunca de min quiso doer (10)  
 pois sel nunca de mi**quiso** doer A (10)  
 \*\*pois sel nuca de mijq's doer B (9)  
 \*\*pous sel nuca demiq's doer V (9)
- A 169, B 321, v. 21.** que ben dev' end' a Deus a dar bon grado (10')  
 q bedeuu end a ds **a dar** bo grado A (10')  
 \*\*Que ben **deuenda** ds **dar** bon gardo B (9')
- A306, B895, V 480, v.7 (vv. 17, 27).** *contra mia desaventura* (7')  
*Contra mia / desauenturaA* (7')  
 \*\*Contra madesuentura*B* (6')  
 \*\*coutra mha **desuenturaV** (6')
- A205, B 357, v. 4.** ora o teen por desguisado (9')  
 ora o teen / por **desguisadoA** (9')  
 \*\*Ora o teem por **desaguisadoB** (10')

Tamén nesta oportunidade se verifica, en A, a emenda da lección primitiva co auxilio de notas marxinais, que van acompañadas polo habitual sinal de chamada. Coma nos casos anteriores, a corrección facilita un cómputo métrico regular:



- A 177, B 329, v. 19.** E lle faça atal coita sofrer (10)  
 {a} Elle faça tal coita soffrerA (10)  
 \*\*E lhi faça **tal** coyta sofrer B (9)



- A264, B 449, v. 28.** que maior non fez nostro Sennor (10)  
 que mayor non fez nostro sennor {o}A (10)  
 \*\*q mayor nofez nro senhor B (9)<sup>337</sup>

<sup>337</sup> A lección manuscrita contén, así mesmo, exemplos en que se recuperaría a regularidade métrica recorren-

Noutros casos, porén, a selección dunha forma lingüística “reducida” –que suporía un caso de hipometría– determina a introdución no verso de elementos que compensan a súa medida, como se observaen *BV*:

**A205, B 357, v. 7.** a que mal tempo eu sôo chegado! (9’)

a que mal / tempo eu **sooC chegadoA** (9’)

Aque mal tempo en **son achegadoB** (9’)

**A297, B 992, V 580, v. 5.** que nunca Deus gran coita quiso dar (10)

Que nunca deus gran coyta **quiso** / dar A (10)

Que nunca de9 **muy** gm coyta **qis** dar B (10)

q nuca de9 **muy** gran coyta **qis** / dar V (10)

**4. OUTRAS VARIANTES TEXTUAIS.** Ademais das variantes analizadas nos puntos anteriores, *acollatiodos* manuscritos permite illar un conxunto de leccións características de cada familia de códices que mostran, de modo particular na rama representada por *BV*, unha clara tendencia á simplificación das estruturas sintácticas ou semánticas (trivialización):

**A226, B 402, V 12, v. 3.** e s' ela foi, mesquinn', e eu fiquei (10)

e selas foi mesquinne eu fiquei A (10)

\*\*e sse la foy e eu mez quinho fiquey B (11)

\*\*essela foy e eu mez quinho fiquey V (11)

**A231, B 422, V 34, v. 6.** e dá por mi ben quanto x' ante dava (10’)

e da / por mi ben **quanto xante** dava A (10’)

\*\*eda por mi ben **quantante** dava B (9’)

\*\*eda por mi ben **quantante** dava V (9’)

**A256, B 434, V 46, v. 7.** [E] mia sennor fremosa, de bon prez (10)

[ ] mia sennor fremosa de bon **preza** (10)

\*\*E mha senhor fmosa de bon **parecerB** (12)

\*\*E mha senhor fmosa de **boparecerV** (12)

**A225, B 401, V 11, v. 10.** outra dona, sennor, per bôa fe (10)

outra dona **sennor** per boa fe A (10)

\*\*out dona **f@mosa** p boa fe B (11)

\*\*out dona **f@mosa** per bona fe V (11)

**5.** Finalmente, documéntase, en *A*, *B* e *V*, un conxunto de versos metricamente irregulares. Estes segmentos, na súa maioría hipómetros, poden explicarse considerando tanto as categorías modificativas manexadas pola crítica textual como a variación lingüística:

**A205, B 357, v. 9.** que [eu] en tal tempo fui ben querer (10)

\*\*que en tal tempo fui ben querer A (9)

\*\*Que en tal tempo fui ben querer B (9)

**A224, B 396, V 6, v. 1.** O meu Sennor me [a]guisou (8)

\*\*O Meu senhor me guisou A (7)

\*\*O meu senhor mi guisou *BV* (7)

**A231, B 422, V 34, v. 8.** e con [mui] bon parecer que ll' eu vi (10)

---

do á dialefa. Así sucede en *A242, B 431, V 43, v. 14.* fezo-me sempr' aver, de pran (8). fezo me sempr auer de pran *A* (8) : fez me semp au de pra*B* (8). O verso falta no códice da Vaticana, que só copia a primeira cobra da cantiga. Véxase, porén, canto se indicou nas notas 9 e 10.

\*\*e con bon parecer qleu ui A (9)  
\*\*eco bon parecer qlheu uj B (9)  
\*\*eco bon parecer qlheu ui V (9)

**A 193, B [3]45, v. 6 (12, 18).e (a)tant' entendo más que é mellor (10)**

\*\*e atant en/tendo mais que e mellor A(11)

\*\*E a tanten tendo mays que e melhor B (11)

**A205, B 357, v. 15.** (E) de min an ja muito posfaçado (9')

\*\*[E] de mi an ia muito posfacado A (10')

\*\*Que demj an ia muyto posfaçado B (10')

**A219, B 387, v. 1.** Pois o vivo mal que (eu) sofropunnei (10)

\*\*POis ouiuo mal que eu so/fro punnei A (11)

\*\*Pois ouuem o mal que eu sofro / punhey B (11)

**III.** Os versos referidos nas páxinas precedentes corroboran as indicacións que se ofreceron no estudo que presentamos en 2010, ampliando a nómina de exemplos para cada unha das categorías consideradas, con excepción da reservada para os errores derivados de alteración da orde, dos que non se documentan ocorrencias nesta oportunidade. Tal e como sinalamos naquela contribución, os segmentos que, nas cantigas analizadas, ofrecen deficiencias métricas –e que merecen, nun número importante de casos, unha consideración detallada desde o punto de vista da constitución da tradición manuscrita– poden explicarse considerando a progresiva banalización a que se ven sometidos os textos no proceso da súa transmisión e o fenómeno de cambio ou variación lingüística.

Como tamén se apuntou naquel traballo, «uma falha métrica é geralmente uma de várias pistas que indicam que algo de errado se passa com o texto», e esa falla, ese erro, pode ser subsanado manexando os criterios apenas indicados –tipoloxía dos errores, variantes de lingua–, tal e como revelan as valiosísimas notas escritas nas marxes de A, que son froito dunha revisión atenta da copia realizada, probablemente, no propio taller en que se confeccionou o manuscrito. Aínda sinalaremos que ese erro non só pode ser subsanado, senón quedebe selo, pois os datos que emanen dos manuscritos confirman, de novo, o principio da isometría, das “sílabas contadas”, como principio que caracteriza a *cantiga de amor*.